

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 11 DE XUÑO DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o Plan de conservación do monumento natural da praia das Catedrais.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Gráfica Publicitaria.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Decreto polo que se nomea a Cecilia Vázquez Suárez nova directora xeral de Xuventude e Voluntariado.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Federación Galega de Comercio para a realización de diversas actuacións de fomento do comercio retalista no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, por un importe total de seiscentos mil euros (600.000,00 euros).



## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición do compromiso de gasto de carácter plurianual para o financiamento da Orde pola que se convocan dúas bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas, por un importe total de noventa e catro mil catrocentos sesenta e catro euros con setenta e dous céntimos (94.464,72 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Extremadura para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de trinta e sete mil trescentos cincuenta e un euros con cinco céntimos (37.351,05 euros).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Internacional Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por un importe de seiscentos dez mil cen euros (610.100,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para adquirir compromisos de carácter plurianual de conformidade co disposto no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para o cofinanciamento de proxectos de accións de saúde pública no campo do VIH/sida que se desenvolverán na Comunidade Autónoma de Galicia, xestionados por entidades privadas sen ánimo de lucro, por un importe total de douscentos noventa mil euros (290.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á segunda prórroga do contrato de xestión de servizos públicos para a explotación da Residencia asistida para persoas maiores de Ribeira. Importe do orzamento: sete millóns douscentos oitenta mil cincocentos catorce euros con corenta e cinco céntimos (7.280.514,45 euros). Valor estimado: trinta e nove millóns catrocentos dezasete mil cincocentos euros con quince céntimos (39.417.500,15 euros)



## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Acordo polo que se aproba a actualización do Pladiga para o ano 2015.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre balance de resultados da posta en marcha da Estratexia de especialización intelixente RIS3 Galicia.

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe sobre o Plan social contra a desigualdade económica



## A XUNTA APROBA O PLAN DE CONSERVACIÓN DA PRAIA DAS CATEDRAIS, QUE PREVÉ UN INVESTIMENTO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS E A REGULACIÓN DO ACCESO NAS ÉPOCAS DE MAIOR CONFLUENCIA DE VISITANTES

- *O Plan é froito do diálogo e a participación e o seu obxectivo é facer compatible a preservación dos valores ambientais que motivaron a súa declaración como monumento natural co desfrute público do lugar*
- *Este instrumento de planificación parte dun diagnóstico científico dos riscos que ameazan o espazo protexido para establecer un réxime de usos*
- *Durante os meses de xullo, agosto e setembro e na Semana Santa, o acceso máximo á praia das Catedrais estará establecido en 4.812 persoas ao día*
- *A partir do vindeiro 1 de xullo os visitantes deberán contar cunha autorización gratuíta que poderá conseguirse desde 15 días antes no enderezo web <http://ascatedrais.xunta.es>*
- *Así mesmo, a Xunta distribuirá unha porcentaxe de autorizacións diarias entre o concello de Ribadeo, de Barreiros, as asociacións de hostaleiros da zona e o Clúster de Turismo*
- *Xunto con medidas destinadas a recuperar e conservar a biodiversidade do lugar, o plan prevé medidas para desestacionalizar o turismo e promover a comarca da Mariña no seu conxunto*
- *O Ministerio de Medio Ambiente, en coordinación con este plan, está a planificar varias actuacións na zona de dominio público marítimo terrestre da contorna do monumento natural, entre elas a reforma da escaleira de acceso ao areal*
- *O Goberno galego puxo en marcha xa en 2014 diferentes accións para mellorar o uso público, aumentar a información a os visitantes e reforzar a sinalización que supuxeron un investimento de 158.000 euros*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao Decreto de aprobación do Plan de conservación do monumento natural da praia das Catedrais, un documento que prevé un investimento de máis de 1,5 millóns de euros durante os vindeiros 10 anos e a regulación do acceso nas épocas de maior confluencia de visitantes.

O plan nace da preocupación polo perigo de degradación deste espazo protexido, situado no concello de Ribadeo e de gran atractivo turístico, e ten como obxectivo xeral facer compatible a preservación dos valores ambientais que motivaron a declaración de monumento natural co desfrute público do lugar. Esa preocupación e a necesidade de adoptar medidas de control foi trasladada á Xunta de Galicia por canles oficiais desde o Concello de Ribadeo e desde a Deputación de Lugo.



Este documento é froito do diálogo e da participación de diferentes administracións, colectivos e organizacións e que incorporou en gran medida as alegacións e informes solicitados nos dous procesos de participación pública a que foi sometido.

O resultado é un instrumento de planificación que, a partir dun diagnóstico científico sobre as principais ameazas que afronta o espazo protexido, establece un réxime de usos e aproveitamentos.

Esa avaliación de riscos permitiu constatar que a excesiva concentración de visitantes durante determinadas épocas do ano representa un risco severo para a conservación dos hábitats prioritarios do monumento natural da praia das Catedrais, e as probas de carga realizadas cifran en 4.812 persoas e día o límite recomendable para evitar danos.

### **Autorización necesaria desde o 1 de xullo**

Por ese motivo, e co obxectivo tamén de facilitar unhas mellores condicións de desfrute aos visitantes, o Goberno galego fixará nesas 4.812 persoas ao día o acceso máximo ao lugar durante os meses de xullo, agosto e setembro e na Semana Santa, épocas nas que se vén rexistrando unha maior confluencia de turistas no monumento natural.

Así, a partir do vindeiro 1 de xullo os visitantes que se acheguen á praia das Catedrais deberán contar cunha autorización gratuita que poderá conseguirse desde 15 días antes no enderezo web <http://ascatedrais.xunta.es>.

Cada persoa poderá reservar un máximo de 30 autorizacións para un mesmo día, aínda que as axencias de viaxes disporán da posibilidade de reservar as autorizacións necesarias para grupos con visitas concertadas.

Así mesmo, a Xunta distribuirá unha porcentaxe de autorizacións diarias entre os concellos de Ribadeo e Barreiros, as asociacións de hosteleiros da zona e o Clúster de Turismo de Galicia, co obxectivo de facilitar a súa distribución entre os visitantes.

Deste xeito faise fronte non só ao risco de degradación dos valores ambientais e paisaxísticos deste espazo, senón tamén á saturación dos servizos e accesos á praia, e á percepción global do que debe constituír un espazo natural protexido.

### **Diálogo e participación**

O documento é froito do diálogo e da participación de diferentes administracións, colectivos e organizacións e incorporou en gran medida as alegacións e informes solicitados nos dous procesos de participación pública aos que foi sometido.



Nese sentido, cabe destacar, por exemplo, que o plan conta co aval do Consello Galego de Medio Ambiente, e que o documento final ten en conta as achegas formuladas tanto desde o Concello de Ribadeo como desde a asociación de comerciantes maioritaria dese concello, Acisa, para establecer un sistema activo e presencial de regularización dos accesos ao areal, dotado con persoal de control e información, tal e como está previsto.

Ademais, e co obxectivo de acadar unha maior eficacia na ordenación de acceso ao monumento natural, a directora xeral de Conservación da Natureza mantivo onte mesmo senllas xuntanzas co alcalde de Ribadeo e co alcalde de Barreiros, destinadas a coordinar o funcionamento do sistema de autorizacións. Reuniuse tamén onte con Acisa, que valorou o Plan como unha oportunidade para o mellor desenvolvemento turístico do municipio.

Así mesmo, nas vindeiras semanas a Consellería de Medio Ambiente e a Axencia Turismo de Galicia desenvolverán unha campaña informativa sobre a regulación de accesos, dirixida tanto cos colectivos e asociacións profesionais afectados como á sociedade en xeral.

### **Cinco obxectivos, 12 liñas de acción**

Co fin de restablecer e manter nun estado de conservación favorable os valores ambientais que motivaron a declaración do monumento natural das Catedrais, o Plan de conservación establece cinco obxectivos estratéxicos que, a través de medidas concretas, levarán aparellado un investimento de máis 1,5 millóns de euros. Eses obxectivos son os seguintes:

1. Avanzar no coñecemento do espazo protexido, así como dos riscos e das ameazas que encara. Prevese neste punto o inventario de hábitats naturais e de especies de flora e fauna silvestre.
2. Evitar a perda da biodiversidade e a conservación de hábitats, mediante o seguimento e control das especies exóticas invasoras e mellorando o estado de conservación da matogueira costeira.
3. Acadar un uso ordenado e compatible coa conservación dos valores naturais do espazo. Ademais de regular o acceso nos períodos de maior confluencia de visitantes para reducir a presión do uso público no lugar, apóstase por favorecer a desestacionalización da demanda e a promoción doutros puntos de interese turístico na comarca da Mariña. Así mesmo, está prevista a difusión da normativa de uso público, e o control e vixilancia do seu cumprimento.





4. A mellora paisaxística do patrimonio natural. Para acadar este fin, recóllense medidas como a ordenación e homoxeneización dos paneis informativos de diferentes organismos; a eliminación de noiros artificiais e a recuperación da topografía orixinal do terreo; iniciativas para mitigar ou reducir o impacto visual dos equipamentos e infraestruturas existentes ou previstos; desenvolver actuacións para ordenar os accesos e áreas de aparcadoiro e a venda ambulante, así como para a promoción de medios de transporte alternativos ao vehículo particular; ou a ordenación dos sendeiros e accesos interiores no monumento natural.
5. Favorecer o compromiso social, fomentando o coñecemento e a implicación na conservación do monumento natural, mediante a promoción de campañas e da coordinación con outras administracións, a comunidade científica e a poboación local.

A Xunta de Galicia considera que as actuacións previstas no Plan de conservación farán posible unha xestión máis eficiente dos recursos públicos, ao representar unha planificación das necesidades de conservación do espazo. Así, no marco das políticas de sustentabilidade, a aprobación do Plan de conservación débese valorar como unha oportunidade de desenvolvemento das actividades económicas vinculadas ao sector turístico, hostalaría e de ocio, compatibles coa conservación dos valores ambientais que motivaron a declaración do monumento natural das Catedrais.

### **Medidas en marcha**

Cómpre sinalar que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, xa tomou distintas medidas encamiñadas á protección do espazo natural das praia das Catedrais, tal e como se recolle no Plan de conservación. Co fin de preservar os valores desta zona protexida, a Xunta contratou guías durante o verano do 2014 e o período da Semana Santa 2015. Neste ano, contratarase de novo este servizo, que será reforzado.

Con isto, tratarase de facilitar un desfrute axeitado aos visitantes, reforzando a información a través dos guías especializados no propio enclave e nas alternativas turísticas da contorna, e incrementarase tamén a vixilancia para evitar actuacións que degraden o medio.

Desde mediados de 2014 as diferentes accións para mellorar o uso público, mellora da información aos visitantes e o reforzo da sinalización levan suposto un investimento de 158.000 euros.



### **Reforma das escaleiras prevista polo Ministerio de Medio Ambiente**

Estas medidas súmanse ás postas en marcha pola Dirección Xeral da sustentabilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Medio Ambiente, que en colaboración coa Xunta está a planificar unha serie de actuacións na contorna do monumento natural, dentro da zona de dominio público marítimo terrestre, que inclúe, entre outras, unha reforma da escaleira de acceso á praia que mellorará substancialmente a accesibilidade ao areal.

A ampliación do acceso contribuirá a desconxestionar e ordenar o acceso dos visitantes, estando previsto o desdoblamento da escaleira para separar a entrada de persoas da saída do areal.

Hai que ter en conta que ao estar incluído nun espazo protexido da Rede Natura 2000, o monumento natural conta xa cun plan de ordenación dos recursos naturais aprobado en marzo de 2014. Porén, o espazo está sometido a presións, principalmente de uso público, que xustifican a elaboración dun plan específico que complementa a aquel na superficie que abarca o monumento natural.

Tras o inicio da tramitación do Plan de conservación do monumento natural da praia das Catedrais, e despois dun primeiro período de participación pública o proxecto de decreto foi sometido ao procedemento de información pública e audiencia. En total, o documento recibiu 13 achegas, na súa maioría de asociacións e institucións públicas.

No documento definitivo, que se poderá consultar a partir de mañá a través da web <http://www.cmati.xunta.es/>, recolléronse, en gran medida, as alegacións e informes presentados nos procesos de participación e audiencia públicas.





## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS CURRÍCULOS DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS RELACIONADAS COA FOTOGRAFÍA, A ILUSTRACIÓN E A GRÁFICA PUBLICITARIA**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos novos currículos destas titulacións, adaptados ás necesidades do tecido económico de Galicia*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos novos currículos dos ciclos superiores de ensinanza artística de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía, de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración, e de Artes Plásticas e Deseño en Gráfica Publicitaria. A adaptación ten como obxectivo axustar a formación que reciben os estudantes das ensanzas de réxime especial ás necesidades e realidades do tecido económico e produtivo de Galicia, de tal forma que supoñan unha porta de acceso ao mercado laboral.

O establecemento destes currículos facilitará a formación completa de profesionais nestes eidos, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico, de maneira que o proceso de formación se vincule á realidade social e laboral neste ámbito. Ademais, a formación estrutúrase en módulos con correspondencia ás unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, o que favorece a inserción laboral dos titulados

### **Perspectivas profesionais**

As persoas que obteñan o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Fotografía serán profesionais cualificados para desenvolver ocupacións como a de posproducción fotográfica dixital, técnico especialista en arquivo fotográfico e banco de imaxes, técnico especialista en laboratorio fotográfico forense ou en laboratorio fotográficos de conservación e restauración de obras de arte. Así mesmo, poderán desempeñar postos de traballo como o de fotoperiodista ou o de fotógrafo de reportaxe social, de moda, de arquitectura e interiorismo, fotógrafo artístico ou publicitario.

No caso dos titulados no ciclo superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración poderán desenvolver ocupacións como a de especialista ilustrador/debuxante integrado en equipos de comunicación visual, deseño gráfico, publicidade e medios audiovisuais; así como asumir a realización de ilustracións e organización e supervisión da produción; ou a análise de propostas e realización da busca documental e gráfica para proxectos de ilustración nos seus diferentes ámbitos. Así mesmo, estarán cualificados para a creación e realización de ilustracións orixinais, de proxectos de libros interactivos e despregables (pop-ups) en tres dimensións; e para a realización e xestión de actividades culturais, educativas e divulgativas relacionadas coa ilustración.



Pola súa banda, as persoas que obteñan o título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Gráfica Publicitaria poderán exercer a súa profesión en ocupacións como a de realización de produtos gráficos publicitarios de empresas e institucións e seguimento e control de calidade na industria gráfica; a de realización de aplicacións vinculadas á comunicación gráfica da mensaxe (paneis publicitarios, expositores, carteis, folletos, anuncios, merchandising...); ou a da preparación de artes finais para a súa correcta impresión, selección de soportes e acabamentos, análise de probas de preimpresión, control de calidade, e postproducción. Así mesmo, estarán cualificados para desenvolver un posto de traballo como director de arte, creativo, coordinador de realización, colaborador gráfico en equipos publicitarios multidisciplinares ou grafista experto na selección e uso de recursos tipográficos, caligráficos e rotulación manual para diferentes aplicacións.



## **NOMEADA CECILIA VÁZQUEZ SUÁREZ COMO NOVA DIRECTORA XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO**

- *É licenciada en Dereito pola Universidade de Vigo e experta universitaria en Xuventude e Sociedade*
- *A súa traxectoria profesional está vinculada á mocidade e ao voluntariado desde o seu inicio*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se dispón o nomeamento de Cecilia Vázquez Suárez como nova directora xeral de Xuventude e Voluntariado, que substitúe no cargo a Ovidio Rodeiro.

Cecilia Vázquez é licenciada en dereito pola Universidade de Vigo, e experta universitaria en Xuventude e Sociedade. Actualmente, e desde 2011, exercía como coordinadora da Rede galega de dinamización xuvenil, un equipo de traballo que ten como obxectivo difundir as iniciativas en materia de xuventude, traballar en coordinación co tecido asociativo, e organizar cursos e foros en educación non formal, entre outras actividades.

Ademais, Cecilia Vázquez foi tamén responsable da Oficina transfronteiriza de información xuvenil Galicia-Norte de Portugal nos anos 2009 e 2010. Cabe destacar que, entre 1999 e 2012, ocupou o cargo de presidenta da Asociación Xuvenil Brigantium, onde coordinou a execución de intercambios, de iniciativas de voluntariado, e de actividades sociais e culturais.



## **A XUNTA E A FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO ACTIVAN INICIATIVAS CONXUNTAS PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE DO SECTOR**

- *Economía e Industria asinará un novo acordo de colaboración coa Federación dotado con 600.000 euros, un 20% máis que o ano pasado*
- *Incídese na dinamización das vendas, na incorporación das novas tecnoloxías e a información e o asesoramento aos comerciantes*
- *O convenio súmase á convocatoria de axudas por 800.000 euros para actuacións destinadas á incentivación da demanda comercial por parte das federacións e asociacións do sector, aberta ata o 2 de xullo*
- *O Goberno galego leva destinado no que levamos de ano 9 millóns de euros a programas específicos de apoio ao comercio de proximidade, centrados en eidos como a innovación, o comercio electrónico ou a potenciación dos mercados*

A Xunta, dentro da súa estratexia específica de apoio ao comercio de proximidade galego, cooperará un ano máis coa Federación Galega de Comercio na posta en marcha de iniciativas conxuntas para impulsar a competitividade do sector mediante un novo acordo de colaboración dotado con 600.000 euros, que se suma á recente convocatoria de axudas por 800.000 euros para actuacións destinadas á incentivación da demanda comercial por parte de federacións e asociacións de comerciantes.

O convenio aprobado hoxe polo Consello da Xunta, cun orzamento un 20% superior ao do ano pasado, permite o mantemento dun servizo de asesoramento ao sector comercial e de fomento do emprendemento, así como a posta en marcha de accións de dinamización do consumo nas vilas galegas. Entre outras iniciativas, tamén se recollen diferentes actuacións para a implantación das novas tecnoloxías relacionadas coa fidelización de clientes e a potenciación do comercio electrónico, así como a realización de encontros e xornadas.

Coa aprobación deste acordo de colaboración co que a Xunta apoia o importante labor que realiza a Federación Galega de Comercio na mellora competitiva do sector, a Consellería de Economía e Industria leva destinados no que levamos de ano 9 millóns de euros á activación de programas específicos de apoio ao comercio galego, centrados en eidos como a innovación e a modernización, a remuda comercial, a potenciación das prazas de abastos, e o impulso ao asociacionismo.

Neste eido, está aberto ata o vindeiro 2 de xullo o prazo de presentación de solicitudes do programa de apoios para promover a posta en marcha de actividades de dinamización do comercio galego por parte das federacións de comerciantes e asociacións de ámbito superior ao municipal. Mediante esta convocatoria concederanse tíckets de dinamización de ata 70.000 euros que os beneficiarios empregarán no



desenvolvemento de actuacións de impulso da demanda comercial, así como iniciativas encamiñadas á promoción das vendas e o incremento da actividade comercial.



## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA PRETO DE 132.000 EUROS A RENOVAR A COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES DE EXTREMADURA, FEDERAL DA BAHÍA E A SORBONA PARA ENSINAR GALEGO**

- *O obxectivo é difundir e impulsar a nosa lingua e cultura fóra do territorio da Comunidade Autónoma*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará preto de 132.000 euros á renovación da colaboración coas universidades de Extremadura, Federal da Bahía (San Salvador de Bahía) e a Sorbona (París) para ensinar, impulsar e difundir fóra do territorio da Comunidade Autónoma a lingua e a cultura galegas. Para iso, o Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao proxecto de acordo para a sinatura dun convenio de colaboración coa devandita institución académica e outro para a convocatoria de dúas bolsas para lectorados en galego nas universidades brasileira e francesa.

Desta forma dásele continuidade ao traballo que xa se vén desenvolvendo nos centros de estudos galegos nesas universidades, así como con outras de Alemaña, Croacia, España, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e EEUU, ata sumar un total de case 1.400 estudantes de galego. Ademais, as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, a través de convenios coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, organizan cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros que acollen, cada ano, durante o mes de xullo, máis dun cento de estudantes procedentes de diversos países de todo o mundo coa intención de adquiriren coñecementos sobre a lingua e a cultura de Galicia.

Por outra banda, xa no nivel non universitario, o galego tamén está presente nos plans de estudo de centros educativos doutras comunidades de España (Cataluña e Castilla y León), así como en centros coma o Santiago Apóstolo de Bos Aires ou o Instituto Español Vicente Cañada Blanch de Londres.

### **Universidade de Extremadura**

Ao abeiro do convenio coa Universidade de Extremadura, daráselle continuidade á ensinanza da lingua, da literatura e da cultura galegas na licenciatura en Filoloxía Portuguesa, nos graos de Linguas e Literaturas Modernas (Portugués), Linguas e Literaturas Modernas (Francés), Filoloxía Clásica e Filoloxía Hispánica, e tamén no Instituto de Linguas Modernas. Esta actividade docente traducirase en ofertar as seguintes materias de Historia e Cultura Galegas, Lingua Galega, e Cultura e Literatura Galegas.

Así mesmo, o acordo prevé a organización de actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas,





tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións etc., tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. Para ambos os labores contratarase un lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas; que realizará o seu labor baixo a dirección da persoa responsable do Centro de Estudos Galegos, en permanente coordinación e colaboración con este e como complemento práctico á súa actividade formativa.

### **Lectorados en Brasil e en Francia**

Os aspirantes a ocupar a praza de lector nas universidades Federal de Bahía e na Sorbona deberán, entre outros requisitos, acreditar posuír o título universitario – grao ou licenciatura- en Filoloxía Galega ou Románica – sempre que a primeira ou segunda lingua elixida fose o galego-, en Lingua e Literatura Galegas, en Estudos de Galego e Español, ou en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios. Ademais, poderán solicitar a praza localizada en Francia os que estean en posesión das titulacións en Tradución e Interpretación – grao ou licenciatura-, sempre que acrediten o número mínimo de créditos en materias en galego esixido na convocatoria.

A Consellería ofrécelle a este colectivo a posibilidade de se incorporar aos centros de estudos galegos, co fin de completar a súa formación e de se situar nunha mellor posición de cara a unha futura inserción no mundo laboral. O programa de formación complétase con actividades teórico-prácticas deseñadas desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística en exclusiva para o colectivo de lectores de lingua, literatura e cultura galegas e ofrece tamén a posibilidade de realizar ou de completar estudos de posgrao nas universidades de destino.



## **GALICIA REALIZOU UN TOTAL DE 180 TRANSPLANTES ALOXÉNICOS NON EMPARENTADOS DESDE O ANO 2008**

- *O Consello da Xunta aprobou a sinatura dun novo convenio de colaboración entre o Sergas e a Fundación Josep Carreras para fomentar a doazón de medula ósea*

O Servizo Galego de Saúde realizou un total de 180 transplantes aloxénicos non emparentados dende que se empezaron a facer nesta comunidade no ano 2008. Destes, 34 realizáronse durante o 2013 e 28 no 2014, mentres que no primeiro ano unicamente se realizaron 6.

Ademais, dende o ano 1998 fixéronse 326 transplantes autólogos emparentados e 1.908 transplantes autólogos.

Existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: autólogo, aloxénico emparentado e aloxénico non emparentado.

Os transplantes autólogos son aqueles nos que se usan as células do propio paciente. Desta forma realízase a extracción deste tipo de células, que se tratan con medicación e que se utilizan para o tratamento do propio paciente. Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles nos que os doadores das células son familiares dos pacientes que son compatibles. Os transplantes aloxénicos non emparentados son aqueles nos que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia.

Doutra banda, o número de doadores foi en aumento durante os últimos anos, chegando aos 1.250 no pasado ano 2014 e, no que vai de ano, rexistráronse 702 doadores máis.

Neste senso, co fin de fomentar a doazón de medula ósea e mellorar a atención dos pacientes que precisen un tratamento con transplante de proxenitores hematopoéticos, o Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre o Sergas e a Fundación Josep Carreras por un importe de 610.100 euros.

### **Transplante aloxénico non emparentado**

O transplante aloxénico non emparentado é un tipo de transplante que se produce cando non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia, polo que hai que buscalo en calquera parte do mundo.



Cando se dá esta situación, iníciase unha busca a nivel mundial a través da *Rede española de doadores de médula ósea (REDMO)*, que é o procedemento estándar neste tipo de casos en todo o mundo. O sistema de busca de doadores, coordinado cos organismos nacionais– a *Rede española de doadores de médula ósea e a Organización Nacional de Transplantes* - permite garantir a equidade de calquera paciente no acceso a doazón e avalar, tras anos de funcionamento, a eficiencia contrastable deste sistema, que hoxe en día é incuestionable desde calquera ámbito, tanto clínico, como administrativo, organizativo ou social, e que constantemente é validado con importantes e continuos recoñecementos internacionais. Este sistema ponse como exemplo da boa práctica, da súa rede de alerta, así como polo seu carácter anónimo e gratuíto.

En España, isto faise a través da Fundación Josep Carreras. Para este tipo de transplantes a fonte das células pode ser a medula ósea, o sangue periférico ou ben o sangue de cordón umbilical.



## **SANIDADE DESTINA 290.000 EUROS AO DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DO VIH E A SIDA**

- *Os interesados terán un prazo dun mes para presentar as solicitudes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG*
- *Este ano a convocatoria pasa de ser anual a bianual co fin de mellorar a estabilidade dos proxectos subvencionados e das entidades que os desenvolven*

A Consellería de Sanidade destinará un total de 290.000 euros ao financiamento de proxectos de saúde pública no eido da infección polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH) e da síndrome de inmunodeficiencia adquirida (sida) para o período 2015-2017.

Neste senso, o Consello da Xunta aprobou hoxe a orde que ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións a proxectos de accións de saúde pública relacionados coa infección polo VIH e a sida realizados por entidades privadas sen ánimo de lucro.

Os interesados terán un prazo dun mes para presentar as solicitudes, contando a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

As actividades obxecto de axuda deberán estar dirixidas a facilitar e fomentar o uso do preservativo nos colectivos máis vulnerables; promover a realización da proba do VIH ás persoas con prácticas de risco; e campañas de visibilización e información do tratamento de profilaxe postexposición, como segunda e última oportunidade para evitar a aparición do VIH.

Tamén se apoiará a realización de programas específicos de prevención do VIH para persoas que exercen a prostitución e aos seus clientes; para persoas que viven co VIH; e aqueles programas de rúa ou achegamento que faciliten o acceso á información sobre o VIH/sida e aos servizos sanitarios.

Así mesmo, apoiaranse as actividades preventivas de transmisión do VIH por vía sexual; educación para a saúde con perspectiva de xénero; e programas de loita contra o estigma e a discriminación das persoas afectadas.

### **Requisitos**

Para poder acceder ás axudas os proxectos débense realizar integramente en Galicia e ter como área xeográfica de actuación polo menos unha área sanitaria; dispor dun local e dunha persoa contratada para desenvolver o proxecto; promover a distribución de preservativos; e empregar material divulgativo editado polas administracións ou



valorado positivamente polo Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles da Consellería de Sanidade.

### **Novidades na orde**

Entre as novidades desta orde respecto das anteriores destaca que este ano a convocatoria pasa de ser anual a bianual co fin de mellorar a estabilidade dos proxectos subvencionados e das entidades que os desenvolven, así como para optimizar e reducir a carga administrativa.

Ademais, incrementáronse os contidos sobre os que poden tratar os proxectos subvencionados para incorporar as campañas de educación sexual establecidas na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación.

### **Cambios na evolución da epidemia**

Sanidade lembra que a infección polo VIH e a sida constitúen un problema sanitario de primeira magnitude que nos últimos anos está experimentando cambios na evolución da epidemia en canto ás vías de transmisión e características da poboación afectada, sendo hoxe en día a transmisión por vía sexual o mecanismo principal da súa expansión.



## **BENESTAR INVESTIRÁ 5,8 MILLÓNS ATA 2018 PARA MANTER UN CENTO DE PRAZAS PARA PERSOAS MAIORES NA RESIDENCIA DE RIBEIRA**

- *A Consellería de Traballo e Benestar oferta na provincia da Coruña máis de 3.500 prazas públicas para maiores, un 55,7% máis que en 2009*
- *As prazas creadas polo Goberno galego para persoas maiores foron máis de 3.100, un 50 por cento máis das que se ofertaban nos últimos seis anos*
- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga deste concerto de prazas no centro da comarca da Barbanza*
- *A Xunta destina este ano case 300 millóns de euros á atención á dependencia na Comunidade Autónoma, o que supón un incremento de 20 millóns de euros con respecto a 2014*
- *Galicia é a segunda autonomía de todo o Estado con maior porcentaxe de servizos profesionais*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá ata 2018 máis de 5,8 millóns de euros para manter un total de 99 prazas para persoas dependentes e 7 para persoas con autonomía na residencia de Ribeira. Para 2015, a contía reservada é de máis de 850.000 euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga deste concerto de prazas que a Administración autonómica leva realizando desde o ano 2000.

Esta actuación inscríbese na aposta do Goberno galego por ofertar aos maiores servizos de calidade. Así, na provincia da Coruña ofértanse máis de 3.500 prazas públicas para maiores (residencias, centros de día e de alzhéimer), un 55,7% máis que en 2009.

En toda Galicia, a oferta é de máis de 9.500 prazas das cales foron creadas polo Goberno galego máis de 3.100, un 50 por cento máis das que se ofertaban nos últimos seis anos. En atención residencial o aumento é do 25 por cento (1.350 prazas novas) e en centros de día do máis do 170 por cento (1.600 prazas novas).

A creación de prazas residenciais para persoas en situación de dependencia contribúe na implantación dun sistema de atención social especializada, que ten en conta as necesidades e os desexos das persoas con necesidades de atención sociosanitaria, así como das súas familias. Incrementa os recursos especializados na atención das persoas maiores en situación de dependencia, evitando que esta situación constitúa un factor máis de illamento ou exclusión social, tanto da persoa en situación de dependencia, como da súa familia.

Por iso, a posta en marcha de prazas públicas para persoas maiores é unha das prioridades da Xunta, e, deste xeito, Galicia é a segunda autonomía de todo o Estado con maior porcentaxe de servizos profesionais. Esta aposta polos servizos de calidade





refléctense, ademais, nos orzamentos de 2015, que recollen un incremento de 15,3 millóns de euros en novos servizos para as persoas con dependencia. Entre as partidas que se aumentan destaca a destinada ao mantemento de prazas públicas en centros de maiores, que alcanzan os 82 millóns de euros, 4 millóns máis que o ano pasado. Ademais, o orzamento para o Servizo de Axuda no Fogar para a Dependencia aumenta en 8,6 millóns de euros, chegando aos 46,3 millóns de euros. Con este investimento, a Consellería incrementou en 1.000 persoas o número de beneficiarios deste servizo en Galicia.

En global ao eido da dependencia, a Xunta destina este ano case 300 millóns de euros, o que supón un incremento de 20 millóns de euros con respecto a 2014. Trátase, un ano máis, da partida que concentra o maior esforzo orzamentario da Consellería de Traballo.

En definitiva, desde o ano 2009, o Goberno galego vén realizando unha aposta decidida en materia de dependencia para chegar ao maior número de beneficiarios e mellorar a calidade da atención ofrecida, tamén coa posta en marcha de importantes avances tecnolóxicos e de xestión na área de dependencia.



## MÁIS DE 11.000 ESCOLARES RECIBIRON ESTE CURSO DIVERSAS CHARLAS INFORMATIVAS SOBRE OS VALORES E A DEFENSA DO MONTE

- *A Xunta segue apostando pola concienciación da poboación escolar a través de distintas charlas e os programas “O Monte Vivo” e “Montentérate”*
- *O dispositivo de loita contra o lume estará composto por máis de 7.000 efectivos, entre os propios da Xunta e persoal do Ministerio, do Exército e dos corpos e forzas de seguridade do Estado*
- *Os medios materiais dispoñibles inclúen 32 medios aéreos e 360 motobombas, ademais de cisternas, pas e outros vehículos*

A Consellería do Medio Rural e do Mar mantén a súa aposta pola concienciación da poboación escolar sobre os valores e a defensa do monte. Así, durante este curso, máis de 11.000 estudantes de primaria e secundaria recibiron diversas charlas informativas impartidas polo persoal dos distritos forestais. Así o recolle o Pladiga 2015, aprobado hoxe polo Consello da Xunta tras pasar previamente polo Consello Forestal de Galicia.

As charlas teñen como obxectivos explicar os distintos valores que ten o monte, tanto a nivel económico, social como ambiental e a importancia da súa integración no medio rural. Con este tipo de relatorios, preténdese sensibilizar aos máis pequenos sobre a problemática dos incendios forestais e os seus efectos negativos, deixando claro que os lumes son un problema de todos. Os membros do Servizo de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais (SPDCIF) nos distintos distritos deron a coñecer a estrutura e función deste servizo autonómico, así como os mecanismos de participación na prevención e defensa contra os incendios forestais a través das agrupacións de vixilancia e outras accións de voluntariado.

Complementando esta formación, tamén están os programas “O Monte Vivo” e “Montentérate”, no que participaron máis de 600 alumnos de secundaria. Trátase de actividades formativas realizadas dentro do “Plan Proxecta” da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dirixidos a fomentar a innovación educativa nos centros escolares a través de programas que desenvolvan de xeito paralelo as competencias básicas e a educación en valores. O Pladiga 2015 recolle estas iniciativas co fin de darlle continuidade no vindeiro curso 2015/16, chegando ao maior número posible de centros.

### **Dispositivo de loita**

O dispositivo de loita e prevención contra os incendios estará composto por máis de 7.000 efectivos despregados por todo o territorio galego, durante a tempada de alto risco (do 1 de xullo ao 30 de setembro). Deste montante, 5.767 son persoas do SPDCIF, e o resto depende do Ministerio, do Exército e dos corpos e forzas de



seguridade do Estado. Un despregamento que, como cada ano, está baixo o mando único da Xunta.

En canto aos medios materiais, Galicia contará con 32 medios aéreos -entre os propios da Xunta e os que achega o Estado- e 360 motobombas do SPDCIF, dos concellos e dos parques de bombeiros, aos que se engaden cisternas, pas e outros vehículos.

### **Adaptacións do Pladiga**

Como novidade, salienta que o Pladiga 2015 se adapta ao recentemente aprobado Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga). Con esta adaptación, redefínense as situacións operativas de emerxencia que deben prever os plans e que substitúen os niveis de gravidade.

Así, a Situación 0 está referida a aqueles incendios que non supoñen perigo para persoas non relacionadas cos labores de extinción, nin para bens non forestais. Establecerase a Situación 1 cando sexa preciso solicitar a colaboración da UME, ben porque existen moitos lumes nunha zona determinada ou porque o lume é perigoso e pode afectar bens forestais e, de forma leve, a poboación. A Situación 2 é aquela na que, pola posible evolución do lume, se precisa a posta en práctica de medidas para a protección das persoas e/ou dos bens non forestais. Por último, a Situación 3 será cando se rexistren incendios que poidan supoñer situacións de emerxencia de interese nacional e, incluso, ter que ser declarados polo Ministerio do Interior.

Este ano, o Pladiga tamén se adapta ao Real decreto 893/2013, de 15 de novembro, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil de emerxencia por incendios forestais. Deste modo, quedan establecidos os distintos estados polo que evoluciona un lume. Falamos de lume activo cando se estende sen control sobre terreos forestais. De lume estabilizado cando este evoluciona favorablemente dentro da zona definida polos profesionais que traballan nos labores de extinción e, polo tanto, está próximo ao seu control. O lume controlado é aquel no que se conseguiu deter o seu avance e propagación, sen que haxa lapas no seu perímetro. O lume extinguido é aquel no que non hai lapas e, polo tanto, considerase que non é posible a súa reprodución.



## A ESTRATEXIA DE ESPECIALIZACIÓN INTELIXENTE – RIS3 ESTÁ A MOBILIZAR DESDE A SÚA ORIXE 220 MILLÓNS DE EUROS EN INNOVACIÓN GALEGA

- *O Goberno galego destinou máis de 113 millóns a impulsar esta folla de ruta da innovación sustentada no apoio ás pemes, a implicación do capital privado, a transferencia de resultados e o emprendemento innovador*
- *Este esforzo investidor, unido á solvencia das contas públicas, permitiu iniciar a execución da RIS3, que se verá acelerada coa activación do período orzamentario Feder 14-20 contribuíndo ao crecemento económico e á creación de emprego*
- *Preto do 60% do capital mobilizado céntrase na mellora da competitividade e a diversificación industrial, segundo os tres retos da Estratexia, no contexto da Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0*
- *As pequenas e medianas empresas son as destinatarias do 94% dos apoios facilitando a transferencia do coñecemento ao tecido empresarial galego, conformado na súa maioría por pemes*
- *As grandes empresas, a través de programas como as unidades mixtas de investigación, son os axentes cun maior efecto mobilizador, achegando 5 euros por cada euro recibido*

O Goberno galego, na súa aposta pola innovación como un dos piares do crecemento e a mellora competitiva do tecido produtivo galego, está a desenvolver a Estratexia de especialización intelixente de Galicia - RIS3. Esta estratexia, cuxo balance de actuacións coñeceu hoxe o Consello da Xunta, está a mobilizar 220 millóns de euros en innovación desde a súa orixe a partir dun investimento público de 113 millóns. Unhas cifras que se verán incrementadas coa convocatoria que vén de activarse de 45 millóns para implantar un polo tecnolóxico para avións non tripulados en Rozas, así como coa participación de Galicia na presente edición do programa Feder-Innterconecta, dotado con 110 millóns.

Esta capacidade de mobilización de capital está sendo posible grazas ao esforzo investidor da Xunta e á solvencia das contas públicas galegas, e se verá acelerada coa activación do período orzamentario dos Feder 14-20. Galicia ten sido, así, das poucas comunidades capaces de iniciar a execución da súa RIS3 sen agardar aos fondos estruturais, cuxa chegada este ano acelerará aínda máis o impacto da Estratexia na economía galega.

O desenvolvemento da RIS3 está a permitir impulsar unha política galega de innovación sólida e eficiente, con capacidade para promover a competitividade empresarial, o crecemento económico e a creación de emprego estable. Así, a Estratexia susténtase



no apoio ás pemes, na implicación do capital privado, na transferencia de resultados da investigación ao tecido empresarial, e no emprendemento innovador.

Neste contexto, dos tres retos propostos pola RIS3, a mellora da competitividade e a diversificación da industria concentrou cerca do 60% da mobilización de capital, case 130 millóns de euros, en liña coa Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0 coa que o Goberno galego busca modernizar o tecido industrial da Comunidade. A xestión innovadora dos recursos naturais e culturais concentrou o 27% dos fondos mobilizados, e o resto correspondeulle ao desenvolvemento dun novo modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo.

Así mesmo, o apoio ás pequenas e medianas empresas é outro dos puntos destacados da Estratexia, acadando o 94% das axudas concedidos ao sector produtivo. Deste xeito, facilítase a transferencia de coñecemento ao tecido empresarial galego, conformado na súa maioría por pemes, ao tempo que se impulsa a mellora da súa competitividade e o crecemento da economía galega.

### **Atracción de capital privado**

Pola súa banda, cómpre salientar que as grandes empresas foron os axentes que demostraron unha maior capacidade mobilizadora de capital, de forma que por cada euro recibido en axudas públicas con cargo á RIS3 achegaron máis de 5 euros.

Esta atracción de capital privado, unido á transferencia de resultados da innovación á empresa, suman case o 75% dos fondos destinados e configúranse como os eixos máis relevantes no desenvolvemento da RIS3, contribuíndo ao crecemento económico e á xeración de emprego. Neste sentido, programas como as unidades mixtas de investigación teñen permitido activar preto dunha vintena de alianzas entre centros de coñecemento galegos e grandes empresas líderes dos seus sectores, como PSA Citroën, Navantia, Vulcano, Roche Farma ou Coren, que están a mobilizar máis de 70 millóns de euros creando máis de 250 empregos de alta cualificación.

Así mesmo, outro tipo de iniciativas como os contratos-programa supoñen unha aposta moi importante para facilitar a chegada dos resultados da investigación ao mercado de cara a que o coñecemento sexa a base da competitividade da economía galega no mercado global.

Neste sentido, os instrumentos activados contribuíron a mellorar a capacidade dos axentes do Sistema galego de I+D+i para competir a nivel internacional. Así o demostra o nivel de captación de fondos procedentes do programa Horizonte 2020, que neste primeiro ano de execución se incrementou en máis dun 200% en relación ao mesmo período do anterior, o 7º Programa marco. Ademais, Galicia lidera o 38% dos



proxectos concedidos no H2020, catro veces máis que no mesmo período do anterior programa.





## O GOBERNO GALEGO AVANZA NA POSTA EN MARCHA DUN PLAN SOCIAL CONTRA A DESIGUALDADE ECONÓMICA

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe o primeiro informe que dá conta desta planificación, na que se incluírán propostas dos distintos departamentos autonómicos*
- *O obxectivo é chegar a todos os colectivos en situacións de vulnerabilidade ou en risco de pobreza, especialmente a aquelas familias con menores a cargo*
- *Crearase, de xeito inmediato, un grupo de traballo entre seis consellerías que, xunto con entidades sociais e locais, definirán un paquete de medidas concretas ao redor de catro eixos: benestar, vivenda, educación e sanidade*
- *Xa se teñen decidido avances en materia de vivenda, como a ampliación do programa Reconduce ás persoas en risco de desafiuzamento por falta de pagamento do alugueiro, o que suporá crear catro novas oficinas provinciais*
- *A vindeira semana iniciarase a tramitación do decreto que permita crear o Rexistro de vivendas baleiras de Galicia e, con carácter inmediato, abrirase tamén un proceso de diálogo coas entidades financeiras para pechar un procedemento neste sentido*
- *Este plan inclúe actuacións que están actualmente en marcha como o ticket eléctrico, o convenio co Banco de alimentos, ou as axudas ao alugueiro*

O Goberno galego avanzou hoxe na posta en marcha dun Plan social contra a desigualdade económica, que ten como obxectivo chegar a todos os colectivos en situacións de vulnerabilidade ou risco de pobreza, prestando especial atención a aqueles casos que presenten carencias, aínda que conten cun emprego ou mesmo superen os límites de ingresos familiares que establecen prestacións como a Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA). Serán prioritarias aquelas familias con menores a cargo ou que sexan monoparentais.

Así se establece no primeiro informe sobre esta planificación analizado hoxe polo Consello da Xunta, un documento no que se incorporarán propostas dos distintos departamentos autonómicos para garantir unha atención transversal que permita evitar situacións de pobreza e reducir a desigualdade.

Nesta primeira folia de ruta establécense as áreas de actuacións nas que se considera preciso afondar: benestar, vivenda, educación e sanidade. Logo de delimitar estes eixos, a partir da próxima semana, crearase un grupo de traballo para que defina un paquete de medidas concreto, en coordinación coas entidades sociais e locais. Participarán neste labor seis consellerías: Vicepresidencia; Traballo e Benestar; Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; Economía e Industria; Educación e Sanidade.



E, con carácter inmediato comezarse a traballar coas entidades sociais e, unha vez concretado o contido e alcance e priorizado de acordo con elas, comezarse a traballar cos concellos e deputacións, para pechar o paquete de medidas que dean resposta ás necesidades.

En todo caso, na reunión de hoxe, xa se avanzou especialmente en medidas referidas á vivenda. En concreto, tense decidido ampliar o programa Reconduce tamén a aquelas persoas que están en risco de desafiuzamento por falta de pagamento de aluguer. Para poder atender a esta demanda, crearanse catro novas oficinas provinciais, que se sumarán á que xa está funcionando en Santiago.

Nesta mesma materia está previsto tamén que, na vindeira semana, se inicie a tramitación dun decreto que permita crear o rexistro de vivendas baleiras de Galicia; un censo a efectos de información e de planificación social para coñecer as vivendas baleiras situadas en concellos de máis de 10.000 habitantes. Vivendas cuxos titulares serán: as entidades financeiras, a Sareb ou os fondos de investimento, quedando fóra as vivendas particulares ou doutras persoas físicas.

Nesta liña, e con carácter inmediato, cómpre salientar que se abrirá un proceso de diálogo coas entidades financeiras para pechar un procedemento neste sentido.

Así mesmo, propónse unha dobre vía de actuación: axudas, nos casos en que sexa posible contribuír ao pago da hipoteca ou do alugueiro; e, paralelamente, ampliar as posibilidades de realoxo, tratando de sumar ás vivendas coas que xa se conta actualmente, as vivendas do Censo de Vivendas Baleiras.

### **Medidas xa en marcha**

O plan inclúe tamén outras actuacións que xa están en marcha e que se seguirán impulsando, pero que agora se unifican nunha mesma folla de ruta. Deste xeito, incorpóranse iniciativas como as axudas para adquisición de libros de texto, axudas ao alugueiro, a exención do pago de medicamentos, o tócket eléctrico, os incentivos ás empresas de inserción laboral, ou o recentemente asinado convenio coa Federación Galega de Banco de Alimentos e a Federación galega de municipios e provincias (Fegamp).

En definitiva, trátase de seguir avanzando na loita contra a exclusión social, como ata o de agora, e impulsar unha atención especial á prevención destas situacións antes de que se produzan ou agraven, tal e como se establecía na Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020, aprobada en decembro do pasado ano. Cabe recordar que este ano o orzamento destinado á inclusión por parte da Consellería de Traballo e Benestar se incrementou nun 17,7 por cento, ata chegar aos 70 millóns de euros.

